



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura

Aprobación bases e convocatoria 23ª Edición do Premio “Miguel González Garcés” de poesía do ano 2026

Mediante resolución de Presidencia aprobáronse as Bases da 23ª Edición do Premio “Miguel González Garcés” de poesía, cuxo texto se transcribe:

23ª Edición do Premio Miguel González Garcés” de poesía ano 2026

BASES

Primeira- Obxecto

Dando continuidade ao que xa é unha tradición na convocatoria poética en lingua galega e recollendo tamén o exemplo deste significativo escritor coruñés, a Deputación da Coruña convoca con carácter bienal o Premio “Miguel González Garcés” de poesía do ano 2026.

Segunda.- Persoas destinatarias

Poderán participar todas aquelas persoas maiores de idade, que non obtivesen o premio nas dúas convocatorias anteriores a esta, e que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade en ningún outro premio ou certame.

Cada persoa poderá presentar unha única obra.

A orixinalidade da obra e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable na que se manifeste ser a persoa autora e titular de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poidan xurdir, polo que recaerá na persoa participante afectada as accións legais que procedan e asumirá, se é o caso, as indemnizacións que poidan corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

As persoas participantes terán a obriga de comunicar á Deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión do premio.

Terceira.- Dotación

O importe da consignación ascende a un total de 6.500,00 €, con cargo á partida 0612/3341/481 do Orzamento ordinario para 2026.

Establécese un premio único dotado con 6.500,00 €, que poderá quedar deserto ou ser concedido con carácter ex aequo. Neste caso, o seu importe repartirase proporcionalmente entre as persoas que resulten premiadas.

O pago do premio realizarase previa retención do 15%, do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF).

O premio non poderá concederse a título póstumo, sen prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a persoa premiada falecese despois da decisión do xurado.

Cuarta.- Prazo

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día 10 de febreiro de 2026 e rematará o día 10 de abril de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

Quinta.- Envío da obra e documentación

Para garantir o anonimato das solicitudes, a presentación realizarase baixo o sistema de PLICA coa presentación dun sobre pechado, a portes pagados, que indique no exterior o título do **Premio “Miguel González Garcés” de poesía**, ao seguinte enderezo:

Deputación provincial da Coruña
Avenida Porto da Coruña 2
15003 A Coruña

Dentro deste sobre principal incluíranse dous sobres (sobre A para a obra e sobre B para a documentación). Ambos sobres indicarán o seguinte no exterior:

- Premio “Miguel González Garcés” de poesía
- Título da obra
- Un lema ou pseudónimo

Sobre A – Obra

- Incorporará a obra proposta, preferentemente en formato dixital: USB/CD
- O tratamento de texto será Word, LibreOffice ou PDF, en formato DIN A4, texto a dobre espazo, letra Times New Roman corpo 12 e deberá estar paxinado.
- As obras estarán escritas en lingua galega
- En ningún caso o nome da persoa autora poderá aparecer no texto da obra
- No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais serán enviados por duplicado, en exemplares separados, grampados ou encadernados

Sobre B - Documentación

Incorporará os seguintes documentos:

- Copia do documento de identidade
- Datos de contacto: enderezo, teléfono de contacto, correo electrónico
- Breve currículo
- Declaración responsable de que a persoa autora é titular de todos os dereitos e que a obra é inédita e que non foi premiada, até a data de presentación, en ningún outro certame ou premio

Sexta.- Xurado

O xurado estará presidido pola Deputada de Cultura, quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte del cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito da poesía, nomeadas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a persoa funcionaria en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición dos xurados daranse a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas serán estendidas as actas correspondentes.

Sétima.- Preselección, concesión e pago

Preselección

Pasarán á consideración do xurado un máximo de 10 obras tras o seguinte proceso de selección:

- para a lectura da totalidade das obras presentadas, será nomeada unha comisión de preselección, que estará composta por persoas expertas no campo da literatura en lingua galega
- cada obra presentada será lida e puntuada de 0 a 10 puntos, acompañadas dun informe xustificativo da súa valoración
- farase unha selección inicial coa obra máis valorada por cada unha das persoas da comisión, sempre que a puntuación sexa superior a 7 puntos, conformando un primeiro grupo de obras que pasa directamente ao xurado final
- a ese primeiro grupo coas obras máis valoradas, sumarase un segundo grupo coas que obteñan 7 puntos ou máis nos informes de valoración de cada unha das persoas da comisión

- se o número de obras resultantes no segundo grupo fai que o total sexa superior a 10, escolleranse de entre ese segundo grupo as obras coa puntuación media máis alta para completar a selección final cun máximo de 10 obras
- se, pola contra, o número de obras resultantes no segundo grupo fai que o total sexa inferior a 10, completárase a selección final ata un máximo de 10 coas obras que teñan a puntuación media máis alta, sempre que superen o 5 nesa puntuación media

A relación das obras seleccionadas será dada a coñecer a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación.

Concesión e pago

Se hai finalista, a plica correspondente á obra poderá ser aberta pola persoa que exerza a secretaría do xurado co fin de que, se a persoa autora o permite, poida darse a coñecer o seu nome.

A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e do Servizo de Fiscalización.

Non poderán obter a condición de persoa beneficiaria aquelas persoas que teñan a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal, de conformidade co disposto no artigo 13.f) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Para a concesión e o cobro do premio deberán presentar a seguinte documentación:

Residencia española:

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a persoa está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que envíe un documento autorizando expresamente á Deputación provincial da Coruña ás consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social

- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria

Outra residencia:

- Copia do pasaporte
- Certificado de residencia fiscal emitido polo organismo oficial do seu país
- Declaración de non ter establecemento permanente en España, no seu caso
- Certificación de titularidade de conta bancaria, na que figure o código SWIFT/BIC

A presentación desta documentación farase preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “solicitud xeral” dispoñible na sede electrónica da Deputación da Coruña. Tamén poderá presentala en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

A resolución de concesión será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia. A concesión e pago do premio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Oitava.- Obrigas

A persoa premiada poderá acordar coa editora que considere a publicación da obra, proceso para o que contará co apoio da persoa comisaria dos premios literarios da Deputación da Coruña.

A persoa premiada comprométese a nomear á Área de Cultura da Deputación da Coruña en todas as comunicacións que realice en relación co premio, co proceso creativo ou coa obra resultante, tanto en redes sociais como en notas de prensa.

Nas publicacións, edicións ou en calquera outro soporte de difusión da obra premiada deberá figurar, de forma expresa, a seguinte frase: Esta obra foi galardoada na 23ª Edición do Premio Miguel González Garcés” de poesía da Deputación da Coruña. Así mesmo, deberán incorporarse os logotipos da Deputación da Coruña e de “A cultura é un dereito”.

Novena.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios ou no desenvolvemento das actividades complementarias.

As ditas imaxes poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación
- Filmacións destinadas á promoción da actividade
- Publicacións para dar a coñecer a actividade

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPd pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa Política de Privacidade ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Décima.- Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

A Coruña, 23 de decembro de 2025.

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario xeral

Miguel Iglesias Martínez

2025/8606